

# ROTEIRO LITERARIO ASUNCIÓN ANTELO

## "Eu nacín antes de tempo"

Asunción Antelo converteuse nun referente artístico e literario grazas a súa gran bagaxe e legado cultural formado por innumerables obras de madeira, pedra e barro; e da que afloraron tamén ringleiras de versos froito da súa vizosa creatividade. Asunción representa a ruptura dos estigmas das mulleres do rural, como ela mesma dicía, "Eu nacín antes de tempo". Artista multidisciplinar, lenda da comarca de Bergantiños, mantense viva na lembranza de todos cun pano na cabeza e vestidiña de negro, gardando cadernos de versos ou textos en prosa onde deixou recollido o seu imaxinario mundo creativo.

### Concello de Coristanco

*En conmemoración á herdanza desta autora con gran sensibilidade e emoción poética, que escribía con liberdade, poemas nos que describía cos detalles máis minúsculos, pedaciños da súa vida.*

651 664 908

[biblioteca@coristanco.gal](mailto:biblioteca@coristanco.gal)

*Espazos vitais e literarios da  
Rexubeira de Bergantiños*





# Roteiro Literario Asunción Antelo

Saída do Edificio de Servizos Múltiples  
 Diríxeche ao leste por Rúa Pataca 44 m  
 Vira á esquerda para continuar por Rúa Pataca 86 m  
 Vira á dereita para continuar en Rúa Pataca 230 m  
 Vira á dereita cara a Av. Fisterra/AC-552 93 m  
 Vira á esquerda cara a Rúa Abelariza 120 m  
 Vira á dereita cara a Lugar Carballal 450 m  
 Continúa por Muiño Seco 800 m  
 Vira á dereita para continuar en Muiño Seco 1,4 km  
 Continúa por Segufe 500 m  
 Vira á esquerda cara a Seavia 150 m

*Distancia: 7.6 KM*  
*Dificultade: Baixa*  
*Duración: 1h 35m*



**Intérpretes  
 locais, autores  
 e artistas dan  
 vida coas súas  
 voces aos  
 versos da  
 Rexubeira de  
 Bergantiños.**

*"Só quería deixar un recordo do meu paso polo mundo"*

